

Campus de Ourense

Escola
de Enxeñaría
Informática

Grao en Enxeñaría
Informática

Rama de coñecemento

Enxeñaría e arquitectura

Prazas

90

Créditos ECTS anuais

60

Créditos ECTS totais

240

Descrición

Titulación vinculada ao exercicio da profesión de enxeñaría técnica en informática. Preténdese a formación para o exercer profesionalmente no desenvolvemento e aplicación das tecnoloxías da información das comunicacións (TIC) no ámbito da informática: administración de sistemas e redes,

enxeñaría do software, enxeñaría web, análise e programación, calidade de software ou consultorías tecnolóxicas, entre outros.

Saídas profesionais

— Proxectos: análise, dirección e organización de proxectos informáticos; proxectos de enxeñaría de sistemas e informática industrial; proxectos de enxeñaría de programas e de sistemas de aplicación; especificación e deseño de solucións informáticas; planificación e proxectos de control de software, estudos de mercado.

— Redes, comunicacións e sistemas informáticos: análise e deseño de sistemas informáticos, optimización de métodos e medios de comunicación co computador, usuarios, administración, configuración e control de redes de computadores, de sistemas de bases de datos, sitios web; análise de sistemas de informática.

— Soporte técnico informático: administración de sistemas informáticos a empresas, control de funcionamento e empregos de equipo, mantemento e seguridade de equipos e información, conservación de infraestruturas.

— Aplicacións informáticas: estudos de mercado informático en referencia a novos produtos, elaboración de análise funcional de necesidades e requisitos informáticos da empresa.

— Consultoría e auditoría: consultoría técnica, auditoría informática, consultoría en novas tecnoloxías, estudos de mercado, avaliación de organización e funcionamento.

Perfís profesionais

— Tecnoloxías da información: orientadas cara a departamentos tecnolóxicos de empresas de calquera sector industrial (selección de integración de produtos hardware e software adecuados, definición da política informática da empresa, desenvolvemento das súas actividades en internet, deseño da seguridade do sistema informático, vixilancia da tecnoloxía etc)

— Enxeñaría de software: orientada cara os consultores e empresas dedicadas ao desenvolvemento de aplicacións software (modelaxe de software, análise de requisitos, verificación de sistemas informáticos...)

+ Info

A Escola Superior de Enxeñaría Informática informa de que a Comisión Europea alertou recentemente de que en 2015 non se poderán cubrir

preto de 864.000 vacantes no ámbito das tecnoloxías da información e das comunicacións.
